



Regulamento de réxime interno da Facultade de Filoloxía

Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Filoloxía.....	3
Exposición de motivos.....	3
TÍTULO PRELIMINAR. DO ÁMBITO E DO RÉXIME XURÍDICO DE APLICACIÓN	4
Artigo 1. Obxecto do regulamento.....	4
Artigo 2. Ámbito de aplicación	4
Artigo 3. Réxime xurídico	4
TÍTULO I. NATUREZA, FINS E FUNCIÓNS.....	5
Artigo 4. Natureza.....	5
Artigo 5. Funcións.....	5
TÍTULO II. DA ORGANIZACIÓN DA FACULTADE	6
Artigo 6. Persoal adscrito á Facultade de Filoloxía.....	6
Artigo 7. Órganos de goberno da Facultade.....	6
Artigo 8. Composición da Xunta de Facultade	6
Artigo 9. Competencias da Xunta de Facultade	7
Artigo 10. Funcionamento da Xunta de Facultade.....	8
Artigo 11. Constitución.....	9
Artigo 12. Asistencia e desenvolvemento das sesións.....	9
Artigo 13. Votacións e adopción de acordos.....	10
Artigo 14. Actas	10
Artigo 15. Aplicación analóxica.....	11
Artigo 16. Das Comisións da Facultade	11
Artigo 17. Natureza das comisións.....	12
Artigo 18. Elección dos membros das comisións	12
Artigo 19. Funcionamento das comisións	12
Artigo 20. Comisión Permanente	13
Artigo 21. Comisión de Estratexia e de Garantía de Calidade.....	13
Artigo 22. Comisión de Biblioteca	14
Artigo 23. Da Comisión de Cultura e Extensión Universitaria.....	15
Artigo 24. Da Comisión de Infraestruturas e de Servizos.....	15



Artigo 25. Da Comisión de Organización Académica	16
Artigo 26. Da Comisión de Relacións Internacionais.....	17
Artigo 27. Comisión de Normalización Lingüística	17
Artigo 28. Comisións conxunturais de titulacións	18
Artigo 29. Outras figuras con funcións de coordinación.....	18
Artigo 30. Do/a decano/a	18
Artigo 31. Funcións do/a decano/a	19
Artigo 32. Do equipo decanal	19
Artigo 33. Do secretario/a da Facultade	19
Artigo 34. Da elección do/a decano/a.....	20
Artigo 35. Da revogación do/a decano/a	21
TÍTULO III. DAS RECLAMACIÓNS.....	22
Artigo 36. Reclamacións	22
TÍTULO IV. DO RÉXIME ECONÓMICO.....	22
Artigo 37. Recursos económicos	22
TÍTULO V. DA REFORMA DO REGULAMENTO.....	23
Artigo 38. Iniciativa.....	23
Artigo 39. Tramitación	23
Artigo 40. Aprobación.....	23
DISPOSICIÓN TRANSITORIAS	23
DISPOSICIÓN FINAIS.....	23



Regulamento de réxime interno da Facultade de Filoloxía

Proposta ratificada pola Xunta de Facultade de Filoloxía, na súa reunión do día 26 de xullo de 2017

Aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do 30 de outubro de 2017.

Exposición de motivos

O presente regulamento vén dar cumprimento ao que dispón o artigo 13 dos Estatutos da Universidade da Coruña, que foron aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio (*DOG* do 26 de maio) e modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro (*DOG* do 17 de outubro).

A regulación do réxime de funcionamento e de organización da Facultade de Filoloxía fica enmarcada na normativa aplicábel á Universidade da Coruña, naqueles aspectos que se recollen na presente normativa e que son de obrigado cumprimento ou que con carácter subsidiario foren de aplicación. En concreto:

- Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, modificada pola Lei orgánica 4/2007, do día 12 de abril, e polo Real decreto lei 14/2012, do 20 de abril.
 - Lei 39/2015, do 1 de outubro de 2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Alén disto, o regulamento axusta o funcionamento da facultade a outras disposicións da Universidade da Coruña:
- Regulamento electoral xeral, aprobado polo Consello de Goberno o día 28 de setembro de 2016.
 - Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario, aprobadas polo Consello de Goberno do día 19 de decembro de 2013 e modificadas o día 30 de abril de 2014, o día 24 de xullo de 2014, o día 29 de xaneiro de 2015 e o día 28 de setembro de 2016.
 - Regulamento da Universidade da Coruña sobre mobilidade internacional de estudantes.

TÍTULO PRELIMINAR. DO ÁMBITO E DO RÉXIME XURÍDICO DE APLICACIÓN

Artigo 1. Obxecto do regulamento

O presente regulamento establece e regula o funcionamento e a organización da Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

O presente regulamento será de aplicación á Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña e, consecuentemente, será de obrigado cumprimento para todos os membros da comunidade universitaria do centro.

Artigo 3. Réxime xurídico

1. A Facultade de Filoloxía rexerese pola Lei orgánica de universidades, polas normas que emanaren dos correspondentes órganos do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia no exercicio das súas respectivas competencias, polos Estatutos da Universidade da Coruña e as súas normas de desenvolvemento e, finalmente, polo presente regulamento de réxime interno.

2. En defecto do que establece o presente regulamento, aplicaranse as leis 39/2015, do 1 de outubro de 2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

3. A xestión da facultade estará ordenada polo principio de prevalencia dos órganos colexiados sobre os unipersoais, polo respecto ás minorías e pola participación libre e por igual de todos os seus membros, na forma disposta no presente regulamento.

4. Contra as resolucións e os acordos dos órganos unipersoais ou colexiados do centro, poderá presentarse un recurso de alzada no prazo dun mes ante o/a reitor/a, se se trataren de resolucións do/a decano/a, ou ante o Consello de Goberno, se se trataren de acordos da Xunta de Facultade. A resolución destes recursos esgotará a vía administrativa e será impugnábel ante a xurisdición contencioso-administrativa de conformidade coa súa lei reguladora.

5. Os órganos de goberno da Facultade de Filoloxía asumen o uso da lingua galega de acordo co Regulamento de usos da lingua galega na UDC, aprobado no Consello de Goberno do día 22 de xullo de 2004.

TÍTULO I. NATUREZA, FINS E FUNCÍONS

Artigo 4. Natureza

A Facultade de Filoloxía é o centro que se encarga da organización do ensino e dos procesos académicos, administrativos e de xestión que conducen á obtención de títulos de carácter oficial e con validez en todo o territorio español, ben como da xestión da calidade deles.

Artigo 5. Funcións

Son funcións da Facultade de Filoloxía:

- a) Elaborar a proposta dos plans de estudo do ensino que se imparten nela.
- b) Organizar e supervisar as actividades docentes e a xestión dos servizos da súa competencia.
- c) Custodiar as actas de cualificación e os expedientes do alumnado que cursase ou curse estudos nela, sen prexuízo do mantemento, por parte da Universidade, de arquivos centralizados.
- d) Expedir, dentro das competencias asignadas, as certificacións que solicitar o estudiantado do centro.
- e) Administrar a asignación orzamentaria do centro e controlar os seus propios servizos e os seus equipamentos.
- f) Promover actividades de formación continuada, tanto no ámbito académico como na investigación.
- g) Promover actividades culturais e de extensión universitaria.
- h) Participar nos procesos de avaliación da calidade.
- i) Facilitar os medios materiais necesarios para a realización de actividades de formación do persoal vinculado ao centro.
- j) Aplicar as directrices da Universidade da Coruña sobre normalización lingüística.
- k) Informar ao Consello de Goberno, xunto cos departamentos correspondentes, para a posíbel aprobación por parte deste, de plans de estudo conxuntos con outras universidades.
- l) Asinar contratos e convenios nos termos que establecer a lexislación vixente.
- m) Calquera outra que lle atribúan as disposicións legais vixentes e os Estatutos da Universidade da Coruña.

TÍTULO II. DA ORGANIZACIÓN DA FACULTADE

Artigo 6. Persoal adscrito á Facultade de Filoloxía

Son membros da Facultade de Filoloxía o persoal docente e investigador e de administración e servizos adscritos a ela, ben como os estudantes matriculados nalgunha das titulacións oficiais impartidas polo centro.

O profesorado que se incorporar á Universidade ficará adscrito á Facultade de Filoloxía se así o asignar o correspondente departamento.

Artigo 7. Órganos de goberno da Facultade

Para o goberno, a representación e a administración da Facultade de Filoloxía establécense os seguintes órganos:

- a) Colexiados:
 - Xunta de Facultade
 - Comisión Permanente da Xunta de Facultade
 - Comisións delegadas da Xunta de Facultade, estúbeis e conxunturais
- b) Unipersoais:
 - Decano/a da facultade
 - Vicedecanos/as da facultade
 - Secretario/a da facultade

Artigo 8. Composición da Xunta de Facultade

1. A Xunta de Facultade de Filoloxía estará constituída por

- a) O/a decano/a, que a convocará e a presidirá.
- b) Os/as vicedecanos/as e o/a secretario/a, que o será tamén da Xunta.
- c) Todo o profesorado con vinculación permanente á Universidade, co límite do 51% do número total de membros da xunta. Unha representación do resto de profesorado que imparta docencia maioritaria no centro e do persoal investigador e en formación que colaborar na docencia nunha proporción do 12%, sempre que for posíbel.
- d) Unha representación de estudantes, que será o 28% da Xunta.
- e) Unha representación do persoal de administración e servizos, que será o 9% da Xunta.



2. O profesorado que impartir docencia en máis dun centro só poderá ser membro da Xunta de Facultade de Filoloxía cando desenvolva maioritariamente a súa docencia no centro.
3. As persoas representantes na Xunta de Facultade serán elixidas por un período de dous anos.
4. A determinación do número de representantes que corresponde a cada sector será realizada pola Secretaría Xeral coa aprobación do censo definitivo, seguindo as proporcións sinaladas neste artigo.
5. En caso de vacantes de representantes, a Secretaría Xeral, no prazo máximo dun mes, comunicará ao centro en cuestión un novo censo actualizado cubrindo as baixas coas persoas candidatas que no último proceso electoral obtivesen un maior número de votos en cada sector sen acadaren representación. Se as non houber, os postos serán cubertos no seguinte proceso electoral, tras a expiración do mandato da xunta de facultade.

Artigo 9. Competencias da Xunta de Facultade

Como órgano colexiado de goberno do centro, corresponde á Xunta de Facultade:

- a) Elixir o/a decano/a e, se for o caso, revogalo/a.
- b) Supervisar a xestión dos diferentes órganos de goberno e de administración do centro.
- c) Informar a implantación de novas titulacións e estudos.
- d) Elaborar e aprobar as propostas de plans de estudos das titulacións que se impartiren no centro.
- e) Formular anualmente, antes do comezo do curso académico, o plan docente do centro en coordinación cos departamentos adscritos a este.
- f) Organizar, supervisar e informar sobre as actividades docentes para a obtención dos títulos académicos do seu ámbito de competencia, e coordinar e supervisar o desenvolvemento dos contidos mínimos das materias que se impartiren neles polos departamentos, de acordo cos plans de estudo e cos obxectivos que están establecidos para cada titulación.
- g) Programar os servizos e os equipamentos do centro e supervisar a súa xestión.
- h) Acordar a distribución dos créditos que se concederen ao centro e controlar a súa aplicación.
- i) Supervisar a xestión e servizos da Facultade.
- j) Estabelecer normas de uso de espazos, materiais, recursos etc. do centro.
- k) Aprobar o plan anual de acción tutorial do centro.



- l) Organizar as actividades de formación permanente e de extensión universitaria.
- m) Aprobar o horario de clases teóricas e prácticas de cada curso académico.
- n) Aprobar o calendario de exames das convocatorias oficiais.
- ñ) Aprobar a memoria anual de actividades da Facultade.
- o) Crear as comisións que considerar oportunas para o estudo de temas específicos e, se é o caso, revogalas.
- p) Elaborar o Regulamento de réxime interno da Facultade, propolo para a súa aprobación ao Consello de Goberno, ben como as súas modificacións.
- q) Calquera outra que lle atribuíren as disposicións legais vixentes e os Estatutos da Universidade da Coruña.

Artigo 10. Funcionamento da Xunta de Facultade

1. A Xunta de Facultade de Filoloxía reunirse en sesión ordinaria cantas veces for necesario e, polo menos, catro veces ao ano, e en sesión extraordinaria sempre que o/a decano/a a convocar por propia iniciativa ou por solicitude do 25 % dos seus membros ou das tres cuartas partes dos representantes dun sector, en cuxo caso se realizará a convocatoria no prazo máis breve posíbel e, como máximo, nos trinta días hábiles seguintes ao de recepción da solicitude.

2. A orde do día será elaborada polo/a decano/a, asistido/a polo/a secretario/a e o equipo decanal. Nela figurarán inescusabelmente as mencións de aprobación das actas das sesións anteriores, os asuntos de trámite e os rogos e as preguntas, salvo que a Xunta se convocar con carácter extraordinario. Tamén se deberán incluír na orde do día os puntos previamente solicitados mediante un escrito xustificado e asinado cando menos polo 10% dos membros da Xunta ou as tres cuartas partes da totalidade dos representantes dun sector. O dito punto incluírase na primeira sesión que se convocar. Se a solicitude de inclusión se fixese posteriormente á convocatoria dunha xunta de facultade, ficará para a seguinte convocatoria.

3. A convocatoria das sesións ordinarias da Xunta de Facultade será efectuada polo secretario/a da Facultade por orde do decano/a ou de quen legalmente os substituíren.

4. Na convocatoria deberá constar a orde do día, a data, a hora e o lugar da reunión. A convocatoria deberá ser enviada, cando menos, con dous días hábiles de anticipación, excepto no caso de xunta extraordinaria e urxente, en que se entregará polo menos cun día hábil de antelación.

5. As citacións levaranse a cabo mediante notificación ao enderezo de correo electrónico que proporciona a Universidade da Coruña a cada un dos seus membros.



6. A documentación relativa aos asuntos que se van tratar na orde do día acharase tanto na Secretaría do decanato da Facultade como no repositorio institucional ao dispor de todos os membros da Xunta de Facultade polo menos con dous días de antelación á celebración da Xunta de Facultade.

7. Cando a natureza dos asuntos que se van tratar así o requirir, a xuízo do decano/a, poderán ser convocadas ás sesións do pleno ou, no seu caso, ás dalgunha comisión, as persoas que se estimar necesario, con voz mais sen voto.

8. As sesións extraordinarias da Xunta de Facultade convocaranse para o tratamento de puntos de inaprazábel consideración. Estarán sometidas aos mesmos requisitos que as ordinarias, coa excepción do establecido no punto 4 deste artigo. Non se incluírán na orde do día os puntos relativos á aprobación de actas, informes e suxestións e preguntas. A documentación relativa aos asuntos para tratar na orde do día acharase na Secretaría do decanato da Facultade e no repositorio institucional, ao dispor de todos os membros da Xunta de Facultade, polo menos cun día de antelación á celebración da Xunta de Facultade.

Artigo 11. Constitución

1. Para a válida constitución da Xunta de Facultade de Filoloxía, para efectos da realización das sesións, das deliberacións e da toma de acordos, requirirase a presenza do/a decano/a e secretario/a ou, se for o caso, de quen os substituír e da metade, polo menos, dos seus membros.

2. De se non alcanzar este *quórum*, a Xunta de Facultade de Filoloxía poderase constituír en segunda convocatoria coa presenza dunha cuarta parte dos seus membros e, en todo o caso, a do/a decano/a e secretario/a ou, se for o caso, de quen os substituíren.

Artigo 12. Asistencia e desenvolvemento das sesións

1. A sesión estará presidida polo decano/a asistido polos membros do equipo decanal.

2. A asistencia ás sesións da Xunta de Facultade constitúe un dereito e un deber para todos os seus membros. Para o cumprimento desta función fican dispensados de calquera outra actividade universitaria polo tempo que duraren as sesións da Xunta. Cando un membro da Xunta de Facultade non puiden asistir por causa xustificada, deberá comunicalo por escrito ao secretario/a da facultade antes de ter lugar a sesión.

3. Ás sesións só poderán asistir os seus respectivos membros, agás no caso recollido no artigo 10, punto 7.

4. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, agás que estiveren presentes todos os membros do órgano colexiado e que for declarada a urxencia do asunto polo voto favorábel da maioría.



5. No suposto de excesiva duración da Xunta de Facultade, quen a presidir poderá dispor a interrupción dela, fixando o día e hora en que debe restabelecerse.

Artigo 13. Votacións e adopción de acordos

1. As decisións pódense tomar por asentimento ou por votación. As votacións serán públicas e a man alzada e só terán carácter secreto se así o solicitaren cando menos cinco membros da Xunta. Serán secretas, en todo o caso, cando afectaren persoas concretas. Antes de proceder á votación calquera membro da Xunta de Facultade poderá pedir *quórum*. Neste suposto, non se poderá realizar a votación sen a presenza dunha cuarta parte dos membros da Xunta de Facultade. Unha vez iniciada a votación ningún membro poderá entrar ou saír da sala en tanto esta non rematar.

2. Non se admitirá a delegación de voto nin en membros da Xunta nin en persoas alleas. Tampouco será admitido o voto anticipado, salvo naqueles casos que se recollen nos regulamentos electorais da Universidade.

3. A Xunta adoptará os seus acordos por maioría de votos afirmativos fronte aos negativos, sen ter en conta as abstencións, agás naqueles supostos en que se exixir, legalmente, maioría absoluta ou cualificada.

4. En caso de empate nos resultados dunha votación, o/a decano/a decidirá co seu voto de calidade.

5. Cando houber que decidir entre mais de dúas opinións, deberá realizarse unha segunda votación entre as dúas opcións mais votadas inicialmente, agás que unha delas acadase xa maioría absoluta dos votos emitidos.

6. Non poderán someterse a votación aquelas cuestións que non estiveren especificadas en cada punto da orde do día e en relación directa con elas. Tampouco poderán tomarse acordos dentro das seccións da orde do día correspondentes a «Informes» e «Rogos e preguntas».

7. Despois de que se inicie unha votación, esta non se poderá interromper.

Artigo 14. Actas

1. O/a secretario/a da Facultade redactará a acta de cada sesión en que se especificarán a relación de asistentes e ausentes que achegasen xustificación, a orde do día da reunión, as circunstancias do lugar e tempo en que se celebrou e os puntos principais das deliberacións, ben como o contido dos acordos e o xeito en que estes se adoptaron.

2. Na acta figurará, logo de solicitude expresa dos respectivos membros da Xunta, o seu voto contrario, favorábel ou abstención sobre o acordo que se adoptase e a xustificación do sentido do voto. Igualmente, calquera membro ten dereito a solicitar a



transcrición íntegra da súa intervención, do seu voto particular ou da súa proposta, sempre que chegar no acto ou no prazo que sinale o/a presidente/a o texto que se corresponda fielmente coa súa intervención, e farase constar así na acta ou unirase a copia a ela.

3. Cando os membros do órgano votaren en contra ou se abstiveren, ficarán exentos da responsabilidade que, de ser o caso, puider derivarse dos acordos.

4. As actas aprobaranse na seguinte sesión ordinaria. No entanto, o/a secretario/a poderá emitir unha certificación sobre os acordos específicos que se adoptaron, sen prexuízo da ulterior aprobación da acta. Nas certificacións de acordos adoptados emitidas con anterioridade á aprobación da acta farase constar expresamente tal circunstancia.

5. Calquera proposta de modificación ou inclusión na acta deberá realizarse por escrito dirixido ao decano/a polo menos tres horas antes do comezo da sesión en que se aprobar, salvo que se trate de modificacións puntuais ou de menor calado (a xuízo do/a decano/a e sempre que existir acordo unánime sobre a súa oportunidade).

Artigo 15. Aplicación analóxica

O establecido nos artigos anteriores respecto da Xunta de Facultade aplicarase analoxicamente ao resto dos seus órganos colexiados.

Artigo 16. Das comisións da Facultade

1. A Xunta de Facultade, para efectos do seu mellor funcionamento ou actuación, poderá constituír comisións con carácter de apoio ou asesoramento e que non terán capacidade decisoria, senón que todas as propostas que se adoptaren deberán remitirse á Xunta de Facultade ou ao/á decano/a, que decidirán, no seu caso, en última instancia. Estas poden ser estábeis (se se recollen neste regulamento) ou conxunturais.

2. Para alén da Comisión Permanente, a Xunta de Facultade pode crear comisións delegadas de carácter estábel ou conxuntural. As comisións estábeis son a Comisión de Infraestruturas e Servizos, a Comisión de Estratexia e Garantía de Calidade, a Comisión de Organización Académica, a Comisión de Cultura e Extensión Universitaria, a Comisión de Biblioteca, a Comisión de Relacións Internacionais e a Comisión de Normalización Lingüística.

3. Á marxe destas comisións, a Xunta de Facultade poderá decidir a constitución de comisións conxunturais para situacións puntuais ou asuntos concretos.



Artigo 17. Natureza das comisións

Pola súa propia natureza, as comisións delegadas só poderán tomar decisións e executalas cando os órganos correspondentes delegasen nelas esa competencia. Deste xeito, o labor fundamental das comisións delegadas é informaren, coordinaren e elaboraren propostas sobre os asuntos que este regulamento ou os órganos de goberno da Facultade lles encomendaren.

Artigo 18. Elección dos membros das comisións

1. Os membros da Comisión Permanente e das comisións delegadas serán elixidos no seo da Xunta de Facultade aplicando un criterio sectorial. Cada sector da Xunta de Facultade elixirá os seus representantes mediante un sistema de lista abertas, aplicando un criterio maioritario corrixido (nunha lista non se poden votar máis de dous terzos do número de postos que hai que cubrir), que garanta o respecto ás minorías.

2. Nos casos en que se establecer que o profesorado representante deba pertencer a áreas de coñecemento diferentes, as votacións realizaranse entre todo o profesorado, sen distinción da área de coñecemento a que pertenza. Resultará elixido o membro de cada área que conseguira o maior número de votos.

3. En caso de empate, realizarase unha segunda votación na cal as persoas candidatas serán exclusivamente aquelas que obtivesen o mesmo número de votos.

4. As comisións renovarase con carácter xeral cada dous cursos académicos, despois das eleccións de representantes na Xunta de Facultade.

5. Se un membro dunha comisión deixar de pertencer á Xunta de Facultade ou renunciar ao posto nunha comisión, será substituído por aquel que obtivese maior número de votos e non acadase representación. De non poder cubrirse a vacante desta forma, procederase a realizar unha votación consonte o establecido nos puntos 1 e 2 deste artigo.

Artigo 19. Funcionamento das comisións

1. Cada comisión dotarase do réxime de funcionamento que a Xunta de Facultade considerar máis apropiado para o cumprimento das súas funcións.

2. Alén dos compoñentes que se especifican en cada caso, fará parte de todas elas o/a decano/a ou membro do equipo decanal en que delegar, que exercerá a presidencia.

3. As comisións contarán cun/nha secretario/a, que redactará as actas das reunións.

4. As actas das comisións serán custodiadas na secretaría académica do centro.

Artigo 20. Comisión Permanente

1. Son competencias da Comisión Permanente os asuntos de trámite e aqueles outros que expresamente delegar nela a Xunta de Facultade.
2. A Comisión Permanente da Xunta de Facultade estará composta por
 - Decano/a ou persoa en que delegar
 - Secretario/a da Facultade, que actuará como secretario da comisión, con voz e con voto
 - Cinco representantes do profesorado, pertencentes a distintas áreas de coñecemento
 - Tres representantes do alumnado
 - Un representante do PAS

Artigo 21. Comisión de Estratexia e de Garantía de Calidade

1. Son competencias da Comisión de Estratexia e de Calidade:
 - a) Realizar o seguimento dos plans de mellora das titulacións que se imparten no centro e a elaboración dunha memoria anual sobre o grao de execución e de satisfacción dos plans de mellora.
 - b) Coordinar e promover accións correctoras que estiveren destinadas a mellorar a calidade da docencia.
 - c) A elaboración e o seguimento, se proceder, de calquera informe de avaliación da calidade que se solicitar ao centro.
 - d) Colaborar na elaboración e na actualización dos plans estratéxicos que corresponden á Facultade no ámbito do Plan estratéxico da UDC.
 - e) Promover relacións cos axentes sociais e económicos que redundaren na mellora das titulacións e na inserción laboral do alumnado egresado.
 - f) Elaborar propostas sobre futuros estudos de posgrao.
 - g) Todas aquelas recollidas nos procedementos do SGIC.
 - h) Calquera outra función que, relacionada coa calidade, lle asignar a Xunta de Facultade.
2. A Comisión de Estratexia e de Garantía de Calidade estará formada por
 - O/a decano/a, ou membro do equipo decanal en quen delegar, que a preside e convoca.
 - O/a vicedecano/a responsábel de Calidade, con voz mais sen voto.
 - O/a secretario/a académico do centro, que actuará como secretario/a da comisión, con voz e con voto.

- Os/as coordinadores/as dos títulos de grao e mestrado do centro.
- Un representante do PDI do centro, designado pola Xunta de Facultade, en representación das áreas de coñecemento non incluídas na comisión noutros postos ou sen docencia de materias básicas nos graos.
- Catro representantes dos estudantes (un deles, se for posíbel, de terceiro ciclo).
- Un representante do PAS do centro.
- O/a administrador/a da Facultade de Filoloxía.
- Un/ha técnico/a da Unidade Técnica de Calidade, con voz mais sen voto.
- Un/ha representante do alumnado egresado, a proposta deste grupo de interese, con voz mais sen voto.
- Un/ha representante dos empregadores, a proposta deste grupo de interese, con voz mais sen voto.

Artigo 22. Comisión de Biblioteca

1. A Comisión de Biblioteca será a encargada de:

- a) Xestionar os fondos que lle asignar a Xunta de Facultade nos seus orzamentos anuais.
- b) Supervisar o funcionamento da biblioteca e propor aquelas melloras ou modificacións que afectaren o servizo e a atención ao usuario e propor e informar sobre a política de distribución orzamentaria, de adquisicións e de subscripcións.
- c) Estudar e propor adquisicións de carácter xeral, de bases de datos ou de revistas.
- d) Resolver cantos temas puideren afectar o funcionamento da biblioteca.
- e) Estabelecer normas de funcionamento interno da Biblioteca do Centro.
- f) Atender aquelas funcións que lle confira o Regulamento da biblioteca universitaria da Universidade da Coruña.
- g) Calquera outra función relacionada coa biblioteca que lle asignar a Xunta de Facultade.

2. A Comisión de Biblioteca estará composta por

- O/a decano/a ou vicedecano/a en quen delegar, que preside e convoca.
- Seis representantes do profesorado adscrito á Facultade, cando menos un por cada departamento adscrito, e que deberán pertencer a áreas de coñecemento diferentes.
- Tres representantes do alumnado.

- Un membro do PAS. Será elixido entre o PAS da biblioteca do centro que estea representado na Xunta de Facultade ou, no seu defecto, entre calquera dos membros do PAS que pertenza á Xunta.
- O/a director/a da biblioteca.

Un dos membros da comisión, por acordo entre eles, actuará como secretario/a.

Artigo 23. Da Comisión de Cultura e Extensión Universitaria

1. A Comisión de Cultura e Extensión Universitaria encárgase da dinamización cultural da vida universitaria na Facultade de Filoloxía. As súas funcións serán:

- a) Xestionar o orzamento anual de extensión universitaria.
- b) Organizar aquelas actividades de carácter extracurricular (ciclos de conferencias, debates, cursos de carácter xeral, publicacións, creacións de grupos artísticos, culturais ou deportivos etc.) que puideren resultar de interese para o conxunto dos membros da Facultade.
- c) Propor a realización de actividades culturais.
- d) Colaborar naquelas actividades que foren organizadas por calquera membro da Facultade.
- e) Levar a cabo accións que permitiren difundir entre a sociedade as actividades culturais do centro.
- f) Calquera outra función que, relacionada coa cultura, lle asignar a Xunta de Facultade.

2. A Comisión de Cultura e Extensión Universitaria estará composta por

- O/a decano/a, ou vicedecano/a en quen delegar, que a preside e convoca.
- Catro membros do profesorado, que deberán pertencer a áreas de coñecemento diferentes.
- Dous membros do alumnado.
- Un membro do PAS.

Un dos membros da comisión, por acordo entre eles, actuará como secretario/a.

Artigo 24. Da Comisión de Infraestruturas e de Servizos

1. A Comisión de Infraestruturas e de Servizos é a encargada de:

- a) Propor a distribución da partida de equipamento docente do centro.
- b) Propor a dotación de medios para cubrir as necesidades de administración e de servizos.
- c) Distribuír e controlar os espazos que serán dedicados á investigación, á docencia e á administración na Facultade.

- d) Solicitar ás instancias oportunas a dotación dos medios necesarios para o correcto desenvolvemento das funcións que ten asignadas.
- e) Facer o seguimento do edificio, da súa conservación e da súa reparación.
- f) Realizar cantos estudos lle foren encargados polos órganos de goberno do centro.
- g) Promover e velar pola execución das accións deseñadas para levar a cabo a prevención de riscos laborais.
- h) Calquera outra función relacionada con infraestruturas ou con servizos que lle asignar a Xunta de Facultade.

2. Estará composta por

- O/a decano/a, ou vicedecano/a en quen delegar, que a preside e convoca.
- Catro representantes do profesorado, que deberán pertencer a áreas de coñecemento diferentes.
- Dous representantes do alumnado.
- Un representante do PAS.
- O/a xefe/a do negociado responsábel de Asuntos Económicos, con voz mais sen voto.

Un dos membros da comisión, por acordo entre eles, actuará como secretario/a.

Artigo 25. Da Comisión de Organización Académica

1. A Comisión de Organización Académica ten por funcións:

- a) Emitir un informe vinculante ao decano nos recoñecementos e transferencias segundo se prevé na Normativa de recoñecemento e transferencia de créditos para titulacións adaptadas ao espazo europeo de educación superior.
- b) Informar sobre aquelas cuestións que lle propuxeren os órganos competentes.
- c) Informar sobre o recoñecemento como crédito de cursos, de seminarios, de xornadas e de congresos.
- d) Analizar as situacións irregulares que se produciren na vida académica da Facultade, tras a audiencia das partes implicadas.
- e) Organizar, supervisar e informar sobre as actividades docentes para a obtención dos títulos académicos do seu ámbito de competencia, ben como coordinar e supervisar o desenvolvemento dos contidos mínimos das materias que neles impartan os departamentos, de acordo cos plans de estudo e cos obxectivos establecidos para cada titulación.
- f) Calquera outra función de tipo académico que lle asignaren os órganos competentes.

2. Esta comisión estará composta por

- O/a decano/a, ou vicedecano/a en quen delegar, que a preside e convoca.
- O/a secretario/a académico do centro, que exercerá como secretario da comisión, actuará con voz e terá voto.
- O/a director/a do departamento adscrito á Facultade
- Os/as coordinadores/as das titulacións do centro
- Catro representantes do estudantado.
- Un representante do PAS.
- O/a administrador/a, con voz mais sen voto.

Artigo 26. Da Comisión de Relacións Internacionais

1. Serán funcións desta comisión:

- a) As encomendadas no artigo 2.7 do Regulamento da Universidade da Coruña sobre mobilidade internacional de estudantes.
- b) Asistir á persoa responsábel de Relacións Internacionais da Facultade nas funcións que encomenda o artigo 2.4 do devandito regulamento.

2. Esta Comisión estará composta por:

- O/a decano/a, ou o/a vicedecano/a en quen delegar, que a preside e convoca.
- O/a vicedecano/a responsábel de Relacións Internacionais.
- Seis representantes do profesorado que sexan titores académicos para intercambios internacionais.
- Tres representantes do estudantado.
- Un representante do PAS.

Un dos membros da comisión, por acordo entre eles, actuará como secretario/a.

Artigo 27. Da Comisión de Normalización Lingüística

1. Ten por función servir de nexa entre o Servizo de Normalización Lingüística e a Facultade para garantir, no seu ámbito de actuación, a aplicación das medidas establecidas no Plan de normalización lingüística da UDC.

2. Estará composta por

- O/a decano/a ou persoa en quen delegar, que a preside e convoca.
- Catro membros do persoal docente e investigador.
- Dous representantes do alumnado.

- Un/ha representante do PAS.

Un dos membros da comisión, por acordo entre eles, actuará como secretario/a.

Artigo 28. Comisións conxunturais de titulacións

Con carácter conxuntural, a Facultade poderá dispor dunha comisión de seguimento para cada un dos títulos que se imparten nela.

A composición e funcións destas comisións serán determinadas pola Comisión de Estratexia e Calidade ou as que recolla a normativa de cada titulación.

Artigo 29. Outras figuras con funcións de coordinación

Serán nomeadas pola Xunta de Facultade, a proposta do equipo decanal, as seguintes figuras de apoio á organización e coordinación:

- Coordinadores de titulación
- Titores de prácticas en empresas, consonte o previsto pola normativa de dedicación docente da UDC
- Titores académicos para intercambios internacionais
- Coordinador/a do plan de acción tutorial
- Outras que puideren requirirse para o bo funcionamento do centro.

Artigo 30. Do/a decano/a

As funcións, nomeamento, duración de mandato e cesamento do/a decano/a son os que recollen os artigos 41 e 42 dos Estatutos da UDC:

1. O/a decano terá a representación da facultade e exercerá as funcións de dirección e xestión ordinaria desta.
2. Será nomeado/a polo/a reitor/a, logo de elección pola Xunta de Facultade, entre profesores e profesoras con vinculación permanente á Universidade adscritos/as ao centro.
3. A duración do mandato do/a decano/a será de catro anos, podendo presentarse a unha soa reelección consecutiva.
4. O/a decano/a cesará nas súas funcións ao final do seu mandato, por pedimento propio ou como consecuencia dunha moción de censura, aprobada por maioría absoluta da Xunta de Facultade.

Artigo 31. Funcións do/a decano/a

As funcións do/a decano/a son as que lle atribúe este regulamento e as que recolle o artigo 42 dos Estatutos da UDC:

- a) Representar o centro.
- b) Presidir as reunións da Xunta de Facultade e de calquera outro órgano Colegiado desta e executar os seus acordos.
- c) Velar polo cumprimento da legalidade en todas as actuacións do centro, polo bo funcionamento dos servizos e polo mantemento da disciplina académica.
- d) Dirixir e supervisar as actividades do centro, especialmente a organización das actividades docentes.
- e) Propor ao/á reitor/a o nomeamento e o cesamento dos/as vicedecanos/as, o/s secretario/a do centro e os/as coordinadores/as de titulación.
- f) Controlar o cumprimento das funcións do persoal de administración e servizos adscrito ao centro.
- g) Exercer as restantes funcións derivadas do seu cargo, ben como aquelas que lle atribúan as disposicións legais vixentes e os Estatutos da universidade.

Artigo 32. Do equipo decanal

1. Para o mellor desenvolvemento das súas funcións, o/a decano/a contará co auxilio do/a secretario/a da Facultade e de vicedecanos/as, que actuarán baixo a súa dirección e dependencia, coas competencias que lles asigna o artigo 43 dos Estatutos da UDC.

2. No caso de ausencia ou de doenza, o/a decano/a designará, entre os vicedecanos/as, quen o/a deberá substituír.

3. O/a secretario/a e os/as vicedecanos/as serán nomeados polo/a reitor/a por proposta do/a decano/a, de entre os membros da comunidade universitaria do centro. Cesarán por decisión do/a reitor/a por proposta do/a decano/a, por petición propia e, en todo o caso, cando concluír o mandato do/a decano/a. Nos dous últimos casos, continuarán en funcións até a toma de posesión dos seus sucesores.

Artigo 33. Do secretario/a da Facultade

As funcións, nomeamento e cesamento do/a secretario/a son os que recollen o artigo 44 dos Estatutos da UDC:

1. O/a secretario/a é o fedatario dos actos e acordos dos órganos de goberno e administración do centro.
2. Será nomeado/a polo reitor/a, por proposta do/a decano/a.



3. Correspóndenlle as seguintes funcións:

- a) A formación e custodia dos libros de actas dos órganos colexiados do centro.
- b) A recepción e custodia das actas de cualificación de exames.
- c) A expedición de certificacións dos acordos e de todos os actos ou feitos que consten nos documentos oficiais do centro.
- d) A custodia do selo do centro e do rexistro deste.
- e) A publicidade dos acordos dos órganos colexiados do centro.
- f) Calquera outra función que lle delegar o/a decano/a ou que lle encomendaren as disposicións legais vixentes, os Estatutos da UDC ou este regulamento.

4. Cesará no seu cargo por pedimento propio, por causa legal sobrevida ou por decisión do/a reitor/a ou por proposta do/a decano/a.

5. En caso de vacante, ausencia ou doenza, o/a secretario/a será substituído polo/a vicedecano/a que determine o/a decano/a.

Artigo 34. Da elección do/a decano/a

1. A elección a decano/a convocarase de acordo co que establecer a resolución reitoral de convocatoria de eleccións e o Regulamento electoral xeral da UDC.

2. Convocatoria de eleccións a decanato

Son causas de cesamento que dan lugar á convocatoria de eleccións a decanato as seguintes:

- a) A expiración do límite estatutariamente establecido para o seu mandato.
- b) A perda da condición de elixíbel do/a decano/a. A adscrición a outro centro distinto realizada polo departamento a que pertence o/a decano/a sen constar a súa aceptación expresa non se considerará causa de cesamento.
- c) O cesamento por pedimento propio.
- d) A moción de censura presentada por cando menos un terzo dos membros da xunta, con proposta de candidato/a alternativo/a, e aprobada por maioría absoluta dos membros da xunta. Caso de non obter esa maioría, as persoas proponentes non poderán presentar outra durante o mesmo mandato.

3. Persoas electoras

Nas eleccións a decanato son persoas electoras todos os membros da xunta de centro correspondente.

4. Persoas elixíbeis

Nas eleccións a decanato son elixíbeis os membros da xunta profesores con vinculación permanente á Universidade adscritos ao centro que foren proclamados candidatos de forma definitiva. De acordo co artigo 16.4 do Regulamento electoral xeral da UDC, se o número de candidaturas definitivas proclamadas fose só unha, a candidatura definitiva será proclamada electa sen necesidade de proceder á votación.

5. Modo de ter lugar a xunta para a elección de decano/a

- a) A Xunta de Facultade reunirase en sesión extraordinaria na data sinalada na convocatoria. Será presidida polo/a decano/a en funcións, salvo que se presentar como candidato/a, en cuxo caso será substituído/a polo membro de máis idade presente na xunta. O/a presidente/a concederá un espazo de 15 minutos a cada candidato/a para estes exporen perante a xunta o seu programa e, a continuación, outros 15 minutos para responderen as preguntas que lles formularen os membros da xunta. Finalizadas as intervencións, procederase á votación, que será nominal e secreta.
- b) Nesta sesión actuará como secretaria a persoa que o for do centro, salvo que se presentar como candidata, en cuxo caso será substituída polo membro presente que designar o/a presidente/a.

6. Proclamación de decano/a

- a) Será proclamada decano/a aquela persoa candidata que en primeira volta obtiver o voto da maioría absoluta dos membros da xunta.
- b) No caso de non haber ningún/ha candidato/a que obtiver a maioría absoluta, procederase a unha segunda votación na mesma sesión da xunta, en que resultará elixido/a o/a candidato/a que obtiver un maior número de votos.
- c) De se producir empate entre dúas ou máis persoas, darase preferencia á de máis antigüidade na Universidade da Coruña e, de persistir o empate, á de maior idade.
- d) O resultado da votación será comunicado á Comisión Electoral Central para a súa correspondente publicación de acordo coa convocatoria das eleccións.

Artigo 35. Da revogación do/a decano/a

1. O/a decano/a poderá ser revogado/a mediante moción de censura.
2. A moción de censura, para ser tramitada, deberá ir asinada por un terzo dos membros da Xunta, con proposta de candidato/a alternativo/a.
3. Cando concorreren estas circunstancias, o/a decano/a ou quen cumprir a súa función terá que convocar unha xunta extraordinaria con este único punto da orde do día nun prazo máximo de 15 días hábiles. A sesión estará presidida polo/a membro de

máis idade presente na xunta, acompañado/a dun/ha representante do PAS e outro/a representante do estudantado elixidos/as por sorteo de entre os membros da xunta.

4. O/a portavoz das persoas que asinen a moción de censura e o/a decano/a disporán dun prazo de 15 minutos como máximo cada un/ha para expor a súa posición. A seguir, os membros da Xunta poderán pedir a palabra. Tras o debate procederase á votación nominal e secreta.

5. A moción de censura resultará aprobada se recibise cando menos un número de votos a favor igual á metade máis un do total de membros da Xunta de Facultade.

6. Se a moción de censura non for aprobada, os asinantes desta non poderán presentar outra durante o mesmo mandato.

7. Con anterioridade á sesión en que se votar a moción de censura, o decanato deberá expor o censo dos membros da Xunta de Facultade durante un período mínimo de dous días e resolver no prazo máximo de dous días as posíbeis reclamacións ao censo.

TÍTULO III. DAS RECLAMACIÓNS

Artigo 36. Reclamacións

O procedemento de avaliación, de cualificacións e de reclamación quedará ao disosto na Normativa de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario, aprobada en cada momento polo Consello de Goberno da UDC.

TÍTULO IV. DO RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 37. Recursos económicos

1. Para a realización da organización das ensinanzas e dos procesos académicos, administrativos e de xestión a Facultade dispón:

- a) Dos bens, equipos e instalacións que, previamente inventariados, a Universidade da Coruña lle destine.
- b) Dos recursos que os orzamentos da Universidade da Coruña lle asigne.
- c) Calquera outro recurso que puiden serlle atribuído.

2. Corresponde aos órganos de goberno da Facultade velaren polo mantemento e renovación dos recursos adscritos a ela. Da súa conservación directa son responsábeis todos os membros adscritos á Facultade, e esta será supervisada polo decano/a.



TÍTULO V. DA REFORMA DO REGULAMENTO

Artigo 38. Iniciativa

A iniciativa para a reforma do Regulamento pode ser adoptada polo/a decano/a ou mediante proposta asinada por un terzo dos membros do pleno da Xunta de Facultade.

Artigo 39. Tramitación

As propostas de reforma do Regulamento deberán estar debidamente articuladas e motivadas.

A iniciativa debería ir acompañada da relación detallada dos preceptos e das disposicións cuxa modificación se propón e do seu texto alternativo. A iniciativa será remitida polo decanato aos membros da Xunta de Facultade, que disporán de 15 días hábiles para remitir emendas ou alegacións.

Artigo 40. Aprobación

A proposta e as emendas e alegacións serán remitidas ao pleno da Xunta. Para que a reforma for adoptada será preciso que reciba o voto da maioría absoluta do pleno da Xunta. De así non ser, a proposta de reforma considerarase refugada, e non poderá proporse idéntica reforma até que transcorra un prazo de dous anos.

A modificación do regulamento requirirá a aprobación polo Consello de Goberno da Universidade.

DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS

ÚNICA. Período de adaptación das comisións delegadas

Nun prazo máximo de dous meses desde a aprobación deste regulamento, procederase á constitución das comisións delegadas de conformidade co disposto nel.

DISPOSICIÓNS FINAIS

PRIMEIRA. Derrogatoria

Queda derrogado o anterior regulamento de réxime interno da facultade.

SEGUNDA. Entrada en vigor

O presente Regulamento entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no taboleiro oficial da Sede Electrónica da Universidade da Coruña.